



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**

**SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS  
(ACTA NÚMERO 45)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luis Raposo Magdalena

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. Leticia Rodríguez Díaz

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria a Secretaria- Intereventora dona Leticia Rodríguez Díaz, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a señora deputada dona Mayra García Bermúdez e o señor deputado don Xosé María Arias Fernández

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZAOITO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaeito de novembro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GAS PROPANO E MANTEMENTO DOS DEPÓSITOS FIXOS CON DESTINO AOS CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE TRABADA, POL, A FONSAGRADA, CASTROVERDE, PEDRAFITA DO CEBREIRO, MEIRA E RIBAS DE SIL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de gas propano e mantemento dos depósitos fixos con destino aos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira e Ribas de Sil, consta no mesmo:



- 1.- Orden de inicio de expediente de contratación con CSVIV7AEOH6KAMTJFOLSMQXIH2HCY<sup>1</sup>.
- 2.- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7AEOH4LRJTJE7DX6D7537IE.
- 3.- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7AEOH7NRB23XF56V4ND4JUKM.
- 4.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7AG2KPHU5ZUXPSWPVF6EPPEL.
- 5.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:: IV7AG6D6CDVPJ2W25UAT4FXWDY.
- 6.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7AG6D4BBPNXW5C3XXWF5TEAY.
- 7.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7AG6HTPL4J5GGOYEPUMUCH4Q.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación da subministración de gas propano e mantemento dos depósitos fixos con destino aos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira e Ribas de Sil, 2022/CON\_02/000077, con duración de un ano.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

---

<sup>1</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 168.628,26 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 35.411,93 €, o que fai un total de 204.040,19 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O importe do contrato ascende a 204.040,19 €, IVE engadido, e financiase de acordo o seguinte detalle:

CONTRATO SUBMINISTRO DE GAS						
CENTRO	APLICACIÓN	IMPORTE AÑO	2023	RC	2024	RC
CAM TRABADA	2315.22102	25.555,20	21.296,00	220229/687	4.259,20	220229/689
CAM POL	2315.22102	27.152,40	22.627,00	220229/694	4.525,40	220229/696
CAM A FONSA BRADA	2315.22102	30.346,80	25.289,00	220229/700	5.057,80	220229/702
CAM PEDRAFITA	2315.22102	30.346,80	25.289,00	220229/706	5.057,80	220229/708
CAM CATROVERDE	2315.22102	27.152,40	22.627,00	220229/713	4.525,40	220229/715
CAM MEIRA	2315.22103	27.152,40	22.627,00	220229/719	4.525,40	220229/721
CAM RIBAS DE SIL	2315.22104	27.152,40	22.327,00	220229/725	4.525,40	220229/727
	SUMA	194.858,40	162.082,00		32.476,40	
CONTRATO MANTEMENTO INSTALACIÓNS						
CENTRO	APLICACIÓN	IMPORTE AÑO	2023	RC	2024	RC
CAM TRABADA	2315.212	1.204,17	1.003,48	220229/688	200,69	220229/690
CAM POL	2315.212	1.279,43	1.066,19	220229/695	213,24	220229/697
CAM A FONSA BRADA	2315.212	1.429,95	1.191,63	220229/701	238,32	220229/703
CAM PEDRAFITA	2315.212	1.429,95	1.191,63	220229/707	238,32	220229/709
CAM CATROVERDE	2315.212	1.279,43	1.066,19	220229/714	213,24	220229/716
CAM MEIRA	2315.212	1.279,43	1.066,19	220229/720	213,24	220229/722
CAM RIBAS DE SIL	2315.212	1.279,43	1.066,19	220229/726	213,24	220229/728
	SUMA	9.181,79	7.651,50		1.530,29	
<b>TOTAL CONTRATO</b>		<b>204.040,19</b>				

A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.



O gasto financiarase con cargo a anualidade 2023 e 2024 polo que, a Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos de 2023 e 2024 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

**Primeiro.-** *Convenio interadministrativo a suscribir entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Aprobación, se procede, do texto do convenio interadministrativo de cooperación a suscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta das obras de “Humanización de espazo público de ocio en San Cosme, Barreiros”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural; e do gasto, por importe de 68.280,48 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, a favor do Concello de Barreiros, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seo do devandito convenio.

Don Antonio Veiga Outeiro, en nome e representación do Concello de Barreiros, con NIF: P2700500H, presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 3 de novembro de 2022 (RE nº: 2022RT014511), escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, das obras de “Humanización de espazo público de ocio en San Cosme, Barreiros”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.

En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitiuse informe do seguinte teor:

“(…).

Consideracións legais e técnicas.

#### I. Normativa aplicable.

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse, esencialmente, por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.

As restantes normas de Dereito Administrativo que, en cada caso, sexan de aplicación.

#### II. Relacións interadministrativas.

A relación de cooperación interadministrativa suscitada polo representante do Concello de Barreiros configúrase como un aparello técnico-administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, establecidos con carácter básico nos artigos 3.1.k), 140.1.d), 141.1.d), 143 e 144.1.d) da LRXSP, e, para o ámbito local, nos artigos 57 da LRBRL, 111 do TRRL e 193.1.b) da LALGA.



### III. Títulos competenciales.

As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo no marco da relación de cooperación proxectada son as establecidas nos artigos 36.1, letras b) e d) da LRBRL, e 109.1.d) da LALGA.

Pola súa banda, o Municipio de Barreiros ostenta competencias propias, entre outras, nas materias de: urbanismo, parques e xardíns públicos, infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, mobilidade, e promoción de instalacións de ocupación do tempo libre, en virtude do establecido nas letras a), b), d), g) e l) do artigo 25.2 da LRBRL.

### IV. Financiación das actuacións.

O custo total de execución das actuacións que constitúen o obxecto da relación de cooperación proxectada ascende a 71.874,19 € (IVE incluído), dos que 68.280,48 serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo e 3.593,71 a cargo do Concello de Barreiros.

Así mesmo, o Concello de Barreiros achegará a cantidade que, de ser preciso, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido.

### V. Órgano competente para a aprobación do convenio.

En canto á competencia para a aprobación do convenio que a Deputación proxecta subscribir co Concello de Barreiros, corresponderalle aquela á Xunta de Goberno, en virtude do establecido nos artigos 59.18 e 59.8 do RODPL, en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e no apartado IV deste informe.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:

O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta das obras de “Humanización de espazo público de ocio en San Cosme, Barreiros”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural; por importe total de 71.874,19 €, dos que 68.280,48 serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo e 3.593,71 a cargo do Concello de Barreiros.

O gasto, por importe de 68.280,48 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial, a favor do Concello de Barreiros, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

No expediente constan, ademais:

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 22 de novembro de 2022.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta das obras de “Humanización de espazo público de ocio en San Cosme, Barreiros”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural; por importe total de 71.874,19 €, dos que 68.280,48 serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo e 3.593,71 a cargo do Concello de Barreiros.





2º.- Aprobación do gasto, por importe de 68.280,48 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial, a favor do Concello de Barreiros, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Modificación do convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do Centro Multiusos de Castroverde”, ano 2022 e 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: Modificación do convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do centro multiusos de Castroverde”, ano 2022 e 2023.

En relación ao asunto de referencia (EXP.2022/PES\_03/022529) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe.

Antecedentes de feito.

Primeiro: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 19 de agosto de 2022, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do centro multiusos de Castroverde”, por importe total de 615.000,00 € (no ano 2022: 307.500,00€ e no ano 2023: 307.500,00€) dos que 307.500,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo (no ano 2022: 153.750,00 € e no ano 2023: 153.750,00€) e 307.500,00 € serán financiados polo Concello de Castroverde (no ano 2022: 153.750,00 € e no ano 2023: 153.750,00 €).

Segundo.- Aprobar o gasto por importe de 307.500,00 € en concepto de achega económica por parte da Deputación para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, dos que 153.750,00 € serán financiados con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento do 2022,

Terceiro: Adquirir o compromiso de incluír no orzamento do ano 2023 a cantidade de 153.750,00 € tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

Segundo: O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do centro multiusos de Castroverde”,ano 2022 e 2023, formalizouse o 13 de setembro de 2022.

Terceiro: O alcalde do concello de Castroverde remitiu, o 15 de novembro de 2022 (2022RPE020359), acordo da Xunta de Goberno Local, de data 3 de novembro de 2022, no que literalmente se solicita o seguinte:

“Solicitar a prórroga da anualidade do convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do centro multiusos de Castroverde” ano 2022 e 2023, pasando a financiarse e executarse na anualidade 2023.”

Segundo se desprende da documentación que obra no expediente, preténdese a modificación das seguintes cláusulas:

A cláusula terceira (apartado 3.2.8) , sobre as obrigas e compromisos das partes

A cláusula cuarta (apartado C) , sobre a xustificación da achega

A cláusula quinta sobre a vixencia do convenio

As cales quedarían redactadas no seguinte senso:

Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“(…)

3.2. O Concello de Castroverde:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Castroverde, comprométese ao seguinte:



Achegar, para a execución do convenio a achega económica prevista na cláusula cuarta e o financiamento do importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Asumir o importe do financiamento das outras fontes de financiamento (AGADER) previsto na cláusula primeira no suposto de que o Concello non resulte beneficiario da subvención solicitada.

Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Asumir e achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.

Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.

Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.

Recibir as obras, mantelas e dar o servizo á veciñanza.

Executar as actuacións na data límite do 15 de novembro de 2023.

Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”.

Cláusula cuarta.- Réxime económico.

“(…)

c) Xustificación da achega económica.

O representante do Concello de Casterverde achegará, como data límite do 30 de novembro de 2023 a conta xustificativa que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterà:

a. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

b. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Actas de recepción (a aportar coa xustificación da anualidade do 2023).

Declaración responsable emitida polo representante do concello, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.



Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.”.

Cláusula quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2022 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2024 debendo esta aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2023, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Consideracións xurídico-administrativas:

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula quinta. Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2022 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa da anualidade do 2023 e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo esta aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024.

A conta xustificativa da anualidade do 2022 deberá estar aprobada na data límite do 31 de decembro de 2023 e pagada na data límite do 31 de xaneiro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”.

Na cláusula sexta. Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”.

Segunda.-. En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Conclusionés.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, informase favorablemente a modificación solicitada pola representante do Concello de Castroverde nos termos da modificación do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación das cláusulas terceira, cuarta e quinta do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do centro multiusos de Castroverde”,ano 2022 e 2023, formalizado o 13 de setembro de 2022, nos termos da modificación do convenio que se incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Terceiro.-** *Modificación de convenio interadministrativo de cooperación suscrito entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo.*

Logo de ver a proposta da sra. deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, “Acondicionamento e renovación do barrio da Pega e da rúa río de Amalló”, para o fin común de mellora da



infraestructura viaria municipal (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 10 de decembro de 2021).

O 13 de decembro de 2021 asinouse entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo o convenio interadministrativo de cooperación referenciado no encabezamento, que foi obxecto de modificación a través de addenda asinada polas partes o 10 de outubro de 2022, no relativo á ampliación dos prazos de execución e xustificación, que quedaron fixados no 30 de novembro e 15 de decembro de 2022, respectivamente.

O 16 de novembro de 2022, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade (RE nº: 2022RPE020467) un novo escrito do representante legal do Concello de Ribadeo, no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, no que atinxe a:

O número 6 da letra B da cláusula terceira, relativo ao prazo de execución, para establecer unha nova data límite de realización das obras, que quedaría fixada no 15 de decembro de 2022.

O primeiro parágrafo da cláusula quinta, establecendo un novo prazo de xustificación con data 15 de decembro de 2022.

Examinada a solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, tendo en conta as disposicións legal, regulamentaria e convencionalmente establecidas, emitíuse informe do seguinte teor:

“(…).

Consideracións legais e técnicas.

I. O representante do Concello de Ribadeo xustifica a súa solicitude de modificación do convenio de referencia, atribuíndo a imposibilidade do cumprimento das obrigas nel asumidas ás inclemencias meteorolóxicas, que impiden realizar a fase final das obras.

Ao meu xuízo, a solicitude de modificación do convenio interadministrativo de colaboración, feita polo representante do Concello de Ribadeo, queda plenamente xustificada.

II. No que á modificación material do convenio respecta, consonte á letra g) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP):

Os convenios aos que se refire o apartado un do artigo anterior (os subscritos polas Administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades publicas con suxeitos de dereito público e privado) deberán incluír, polo menos, as seguintes materias:

(...).

g) O réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.

Pois ben, a cláusula sétima do convenio que nos ocupa expresase ao respecto nos seguintes termos:

A modificación deste convenio, que se levará a cabo, de ser o caso, mediante addenda ao mesmo, poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio estea vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos, previsto no artigo 49, letra h) da LRXSP.

É evidente que, no caso que nos ocupa, concorre un interese común na modificación do convenio, pois o fin común pretendido coa sinatura do mesmo non pode quedar diluído polas consecuencias derivadas das inclemencias meteorolóxicas, sobre todo cando alcanzar aquel é posible mediante as modificacións solicitadas.

Con todo, cómpre indicar que a solicitude de modificación da cláusula quinta non procede, pois a data de xustificación que figura en aquela xa é a do 15 de decembro de 2022, na nova redacción dada aquela pola addenda asinada o 10 de outubro de 2022.

Por outra banda, as modificacións non alteran as condicións esenciais do documento inicial, pois, como quedou de manifesto, os fins pretendidos coa sinatura do convenio non se van ver alterados: coa modificación exposta só se pretende a ampliación dos prazos de execución e xustificación previstos naquel documento.

Por último, indicar que a cláusula sexta do convenio de referencia establece que:

(...).

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2023,





debedo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2022, respectando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da LRXSP.

A este respecto queda acreditada a vixencia do convenio esixida polo súa cláusula sexta para a modificación, así como o respecto ao límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, pois só se pretende, no que á modificación dos prazos de execución e xustificación se refire, a súa ampliación, e non o de vixencia do convenio, que se mantén nos termos da citada cláusula sexta.

Por todo o exposto, informo favorablemente a modificación da cláusula terceira do convenio de referencia, no relativo ao prazo de execución; modificación prevista na súa cláusula sétima, e que se levará a cabo a través da correspondente addenda.”

Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitíuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, o 22 de novembro de 2022.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificación da cláusula terceira (Obrigas, compromisos e facultades das partes) do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, “Acondicionamento e renovación do barrio da Pega e da rúa río de Amalló”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal, asinado polas partes o 13 de decembro de 2021, nos termos da addenda que figura no expediente, manténdose inalteradas o resto das cláusulas daquel.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Cuarto.-** *Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo co obxecto de colaborar no “Reforma hangar piragüismo praia dos bloques”, anualidade 2022.*

Logo de ver a proposta do sr. deputado delegado da área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Deportes no que literalmente se establece:

“Asunto: Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes no “Reforma hangar piragüismo Praia dos Bloques”, anualidade 2022

En relación ao asunto de referencia emítase o seguinte informe:

Primeiro.- O 06 de outubro de 2022 asinou o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes no “Reforma hangar piragüismo Praia dos Bloques”, anualidade 2022, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 30 de setembro de 2022.

Na súa virtude, na cláusula primeira.- obxecto, entre outras, establécense as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a actuación “Reforma hangar de piragüismo Praia dos Bloques e honorarios” cun custe total de 57.175,50€, cunha achega económica ao obxectivo compartido por parte do Concello de Ribadeo de 7.175,50€.

Segundo.- O representante legal do Concello de Ribadeo remitiu escrito, o 04/11/2022 (2022/PES\_03/021624), no que literalmente se recolle o seguinte:

"Debido a que no presuposto presentado incluíuse por erro os Honorarios de proxecto, dirección e execución de obra e o Ive dos mesmos, o gasto definitivo da obra civil é de 50.889,19€, polo que a Deputación de Lugo aportará o 98,25% (50.000€) e o Concello de Ribadeo o 1,75% (889,19€)".

Polo que dende o concello de Ribadeo se solicita a modificación do convenio de referencia no que atinxe á actuación obxecto do convenio, ao custo total da mesma e ao importe a financiar polo Concello.

Terceiro.- No convenio de referencia establécese o seguinte:



Na cláusula quinta. Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2022, e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será a da aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2024, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2023, respectando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

Na cláusula sexta. Modificación.

”A modificación deste conveniopoderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Por todo o exposto, a xuízo do servizo de Deportes procede informar favorablemente a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes no “Reforma hangar piragüismo praia dos Bloques” anualidade 2022, formalizado o 6 de outubro de 2022, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

Á vista do informe favorable do servizo de Deportes, analizada a petición e causas expostas pola administración local e as previsións recollidas no convenio aprobado.

Á vista do informe favorable do servizo de Contratación e Fomento e Secretaría Xeral

Á vista do informe de Intervención

Por todo o exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes na “Reforma hangar piragüismo Praia dos Bloques”, anualidade 2022, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 30 de setembro de 2022, nos termos da modificación que se incorpora ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas en tanto non se vexan afectadas por esta modificación”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS, RELATIVO AO EXPEDIENTE DE DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE FREIXO (SAMOS).**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“En relación co escrito de Rexistro 2021RPE026877 de 22.09.2022, do Concello de Samos, remitindo o documento Proxecto de delimitación de núcleo rural de Freixo, visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 22.11.2022 que di:

“Antecedentes e obxecto.

Con data 22.09.2021 e Rexistro 2021RPE026877 o Concello de Samos solicita informe sectorial da Deputación Provincial de Lugo posterior a delimitación do núcleo rural de Freixo, indicando que envía un exemplar en formato físico.

O documento que contén o expediente de delimitación recibíuse con posterioridade.

O presente informe ten carácter sectorial de estradas e emítese de acordo ás disposicións contidas na vixente redacción da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013).

O obxecto último do informe sectorial de estradas vén a ser o recoñecemento aos treitos de vías provinciais que discorran por solo clasificado como urbano ou de núcleo rural o carácter de “treitos urbanos”, para o que se require que no instrumento de planeamento figuren marcadas as aliñacións e que sexan informadas favorablemente polo organismo titular da estrada conforme ao artigo 7 da LEG 8/2013, o que permitiría a edificación a unha distancia inferior á xeral, e atribuiría



ao Concello a competencia para autorizar as construcións nas marxes do treito urbano segundo ditas aliñacións.

No presente informe comezarase por expoñer e xustificar os criterios que se considera que deben aplicarse aos treitos urbanos das estradas provinciais para a súa aplicación ao núcleo rural, que se sitúa nas marxes do treito orixinal da vía provincial LU-P-5601 e dun trazado antigo da mesma.

### Fundamentos Legais.

A regulación das vías provinciais debe facerse por referencia á Lei 8/2013 de estradas de Galicia, estando o réxime xeral vixente contido esencialmente nos seguintes artigos:

#### 7. Treitos urbanos

Para os efectos desta lei, considérase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada.

#### 8. Travesías.

8.1. Para os efectos desta lei, considérase travesía o treito dunha estrada no que, discorrendo por solo clasificado como urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación.

#### 23. Coordinación co planeamento urbanístico.

23.2. Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou ás actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitirá, con posterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que o informen. O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable.

No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas.

23.3. Nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé a lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución.

#### 38. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación.

38.4. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

#### 41. Delimitación da liña límite de edificación.

41.1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

a) Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.

b) Quince metros no caso de estradas convencionais. En caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e no mesmo categorícense funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, según o establecido no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local.

#### 47. Réxime xeral e competencia.

2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección, así como para realizar as actividades de comprobación daquelas suxeitas a declaración responsable no que a lexislación sectorial en materia de estradas refírese, corresponde á administración titular da estrada, excepto na talla de arboledo, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, previo informe preceptivo e vinculante do órgano competente da administración titular da estrada.

#### Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes.

1. Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límite de edificación poderanse autorizar, ou quedarán suxeitas ao réxime de declaración responsable, de tratarse dos usos previstos no artigo 45 bis, no que á lexislación sectorial en materia de estradas refírese, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por baixo da rasante do terreo:

a) Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

b) Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social, así cualificados.



Por parte da Deputación Provincial de Lugo, o Pleno de 30 de abril de 2019 adoptou o acordo de categorizar a rede de estradas provinciais como Rede Local, para a aplicación da redución da liña límite de edificación establecida pola nova redacción da Lei de Estradas de Galicia, tras a aprobación da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e na que se reduce a distancia da liña límite de edificación de 15,00 m a 7,00 m do borde exterior da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 m do eixe de trazado da vía con carácter xeral en solo rústico, sen prexuízo da posible redución aplicable nos treitos urbanos da estrada conforme ao previsto no artigo 23 da LEG 8/2013. A adopción de dito criterio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 07.11.2019.

Anchuras de viario en solo de núcleo rural.

A efectos da fixación da anchura mínima necesaria entre liñas límite de edificación para o viario de titularidade provincial que discorra por tramos de solo clasificado como de núcleo rural por este Servizo véñse considerando, por razóns técnicas de carácter xeral, que a banda de protección destinada ao viario debería alcanzar polo menos unha anchura desexable de 16 metros que permitiría a implantación da seguinte semi-sección tipo:

Carril de calzada:	3,50 m
Beiravía:	0,50 m
Banda de aparcamento:	2,00 m
Beirarrúa:	2,00 m
<hr/>	
Semiancho do vial:	8,00 m

Esta anchura de vía de 16 metros é concordante coa establecida no seu día no artigo 48.2 Normas de calidade urbana, da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia como mínima para os viarios principais de nova apertura nas clases de solo urbano non consolidado e urbanizable, e permite o cumprimento do disposto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu reglamento en vigor de aplicación, en canto a ancho de beirarrúas peonís, capaces tamén de acoller a axeitada implantación dos servizos urbanísticos.

Aínda que non se previra a implantación de beirarrúas ou aparcamentos, as dimensións desexables con carácter xeral para as vías provinciais requirirían un ancho coincidente co anterior segundo a seguinte distribución:

Carril de calzada:	3,50 m
Beiravía:	0,50 m
Cuneta e noiro:	2,00 m
Beirarrúa:	2,00 m
<hr/> Semiancho do vial:	<hr/> 8,00 m

A banda de 2,00 m de dominio público contiguo estaría destinada á protección da estrada mediante recuamento dos cerramentos de fincas e á instalación prioritaria das canalizacións públicas de servizos de obrigada prestación municipal conforme ao RDL 781/1986 como abastecemento de auga, saneamento e alumeadado público, así como doutros servizos de interese xeral de enerxía eléctrica, telefonía e gas.

A anchura xeral de 16,00 m desexable para a vía provincial en solo de núcleo rural podería verse reducida pola existencia de edificacións continuadas no treito da travesía rural ou por outras causas das establecidas no artigo 23.3 da LEG 8/2013.

Ditas aliñacións oficiais de viario poderán chegar a coincidir coas aliñacións de edificación nos tramos nos que o plan non estableza recuamento frontal respecto á vía por tratarse de edificacións en ordenación aliñada co viario e en contacto co borde da beirarrúa existente ou da prevista, en xeral a 8,00 m do eixe da vía ou á distancia inferior se correspondese a unha aliñación consolidada por edificacións continuadas ou por beirarrúa existente que se mantivera.

Nos casos xustificadas podería reducirse o ancho xeral de 16,00 m previsto da vía a 14,00 ou 12,00 m mediante a supresión dunha ou as dúas bandas de aparcamento, e mantendo unha anchura desexable de 8,00 m entre bordos para os carrís e beiravías de calzada que permitiría o cruzamento de dous vehículos aínda coa presenza doutro estacionado ocasionalmente na vía, se ben sería admisible no caso de edificacións continuadas un semiancho mínimo estrito de 5,00 m entre o eixe e a aliñación de edificación.

Tales reducións do semiancho xeral da aliñación oficial de viario do eixe deberá xustificarse polo grado de continuidade da edificación, ou dos outros supostos establecidos no artigo 23.3 da LEG 8/2013, debendo evitarse que a eventual existencia de edificacións illadas próximas á vía leve a reducir o ancho da aliñación en toda a lonxitude do tramo de núcleo rural.

O caso de ancho mínimo estrito de viario provincial esixible para a súa funcionalidade e seguridade viaria, en treitos puntuais e coa correspondente xustificación pola existencia no ámbito dun núcleo de edificacións continuadas ás que se refire o artigo 23.3 da LEG 8/2013 correspondería





a vía de 10,00 m de ancho total entre aliñacións, ou 5,00 m entre o eixe e a liña de edificación máis próxima, podendo estudarse a eventual modificación do trazado do eixe nun tramo da vía dentro do núcleo rural de xeito que manteña a continuidade de trazado nas súas conexións cos tramos non modificados.

A partir do eixe actual da estrada ou do proposto para a súa mellora resultarán definidas as aliñacións xerais de viario a 8,00 m, grafítaranse os treitos en que non afecten a edificacións existentes. Se estas foran continuadas, consolidarán a aliñación correspondente.

Nas edificacións illadas existentes a distancia inferior á aliñación de edificación homoxénea fixada para o treito esta grafítarase con liña de trazos sobre ditas edificacións, coa indicación na lenda do Plano da necesidade de obter autorización previa da Deputación para a realización de obras por diante de dita liña nas condicións da Disposición adicional primeira da LEG 8/2013, resultando autorizables en todo caso as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

A posible existencia de situacións actuais con semiancho viario inferior ao mínimo estrito indicado e cuxas aliñacións pretendan manterse, poderá requirir a previsión no planeamento dunha variante do trazado da vía provincial coa correspondente reserva de terreo en solo rústico e a cláusula de solicitude á Deputación da transferencia de titularidade a favor do Concello do tramo de vía provincial afecta.

Consideracións sobre a documentación recibida.

Da análise da documentación recibida, compre salientar:

O núcleo de O Freixo desenvólvese nas marxes do tramo orixinal da LU-P-5601 e do tramo antigo da mesma estrada. O trazado da actual LU-P-5601 rodea o núcleo pola parte este do mesmo.

O tramo trazado orixinal da LU-P-5601 atravesa o núcleo, e é susceptible de cambio de titularidade ao concello, ao existir dúas alternativas viarias.

No plano 03.02, ordenación do solo de núcleo rural, preséntanse as aliñacións de viarios marcadas.

As coordenadas de inicio e final do núcleo rural con respecto ás estradas da deputación son:

NÚCLEO	Estrada	MARXE	COORDENADAS ETRS 89 UTM 29	
			INICIAL	FINAL
Freixo	Orixinal LU-P-5601		X-639479	X-639449
			Y-4731357	Y-4731224
	Antiga LU-P-5601		X-639500	X-639497
			Y-4731352	Y-4731142

Por todo o anteriormente exposto, este Servizo de Vías e Obras respecto ao documento presentado, e a efectos da Lei 8/2013 de estradas de Galicia no que se refire ás vías de competencia desta Deputación, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Emitir informe sectorial favorable á delimitación de núcleo rural de Freixo, no Concello de Samos.

Emitir informe favorable ao recoñecemento da delimitación dos treitos urbanos contidos no mesmo e relacionados no presente informe que, conforme ao artigo 62 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, só terá efectos no momento no que o instrumento de planeamento sometido a informe entre en vigor.”

Por todo o que antecede, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Emitir informe sectorial de estradas favorable ao documento remitido polo Concello de Samos de delimitación de núcleo rural de Freixo, recibido o 22.09.2021 con número de Rexistro 2021RPE026877.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/003, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das



subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/003, correspondente á Asociación Veciñal Cultural e Medioambiental Os Entaladoiros (Folgo do Courel), destinada as obras de “Mellora instalación e accesibilidade antiga escola”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Por Resolución da Presidencia de data 29 de setembro de 2022 resolveuse aprobar a solicitude de anticipo por importe de 3.000,00 € (50% da subvención concedida), así como o aboamento do mesmo.

Terceiro.- Carlos López Páez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación Veciñal Cultural e Medioambiental Os Entaladoiros (Folgo do Courel), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/003, destinada ás obras de “Mellora instalación e accesibilidade antiga escola” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento de 3.000 € correspondentes ao 50% restante da subvención concedida.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/013, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/013, correspondente á Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Novaes e Sequeiros (Quiroga), destinada as obras de “Mellora de Camiño”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Por Resolución da Presidencia de data 29 de setembro de 2022 resolveuse aprobar a solicitude de anticipo por importe de 3.000,00 € (50% da subvención concedida), así como o aboamento do mesmo.

Terceiro.- José Luís Martínez González, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:



Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Novaes e Sequeiros, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/013, destinada ás obras de “Mellora de Camiño” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento de 3.000 € correspondentes ao 50% restante da subvención concedida.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/019, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/019, correspondente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Nocedo (Quiroga), destinada as obras de “Recuperación de Fonte”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.694,87 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Álvaro Blanco Dapena, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Nocedo (Quiroga), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/019, destinada ás obras de “Recuperación de Fonte” por un importe de 5.694,87 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/032, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/032, correspondente ao MVMC de Bardaos (O Incio), destinada as obras de “Mellora e acondicionamento de camiños”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.985,15 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- María Luísa Arias López, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.



Terceiro.- Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de un 99,99% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC de Bardaos, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/032, destinada ás obras de “Mellora e acondicionamento de camiños” por un importe de 5.985,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/034, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/034, correspondente á Asociación veciños de Ferreiros de Balboa (Becerreá), destinada as obras de “Mellora dun camiño existente”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Horacio Díaz Fernández, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación veciños de Ferreiros de Balboa, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/034, destinada ás obras de “Mellora dun camiño existente” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/035, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/035, correspondente á Asociación Veciñal de Soldón (Quiroga), destinada as obras de “Conexión e





instalación eléctrica na antiga escola e rehabilitación de fontes públicas”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.954,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- María Amancia Marcos Fernández, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación Veciñal de Soldón, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/035, destinada ás obras de “Conexión e instalación eléctrica na antiga escola e rehabilitación de fontes públicas” por un importe de 5.954,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/043, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/027, correspondente á Asociación de veciños de Roupar (Xermade), destinada as obras de “Acondicionamento de escola”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Josefa Felpeto Cal, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación de veciños de Roupar, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/043, destinada ás obras de “Acondicionamento de escola” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/053, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:



“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/053, correspondente á AA.VV. Santa Cruz de Brosmos (Sober), destinada as obras de “Acondicionamento, recuperación e mantemento espacio entorno de fonte camiño”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Nemesio Rodríguez Rodríguez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da AA.VV. Santa Cruz de Brosmos, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/053, destinada ás obras de “Acondicionamento dun camiño” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/058, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/058, correspondente á AA.VV. Os Mouros do Castro (A Pobra de Brollón), destinada as obras de “Cambio cuberta local social”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- José Vega Rodríguez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da AA.VV. Os Mouros do Castro, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/058, destinada ás obras de “Cambio cuberta local social” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/091, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:



“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/091, correspondente ao MVMC de Regueiral e Eiros (As Nogais), destinada as obras de “Mellora de accesibilidade”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.696,94 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Por Resolución da Presidencia de data 19 de outubro de 2022 resolveuse aprobar a solicitude de anticipo por importe de 2.848,47 € (50% da subvención concedida), así como o aboamento do mesmo.

Terceiro.- Eladio Pardo Fernández, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC de Regueiral e Eiros, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/091, destinada ás obras de “Mellora de accesibilidade” por un importe de 5.696,94 €, así como o aboamento de 2.848,47 € correspondentes ao 50% restante da subvención concedida.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/123, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/123, correspondente á Asociación de Veciños de San Esteban da Mota (Guntín), destinada as obras de “Mejora de camiños”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.790,21 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- José Antonio López Varela, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación de Veciños de San Esteban da Mota, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/123, destinada ás obras de “Mejora de camiños” por un importe de 5.790,21 €, así como o aboamento da mesma.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBDOT-2021/129, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de Valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/129, correspondente á Asociación San Fitoiro (Castroverde), destinada ás obras de “actuacións de peche no campo da festa de Meda”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios, ano 2021.

Segundo.- don José Vilar Pardo (Castroverde), en representación da Asociación San Fitoiro, presenta escrito con data de rexistro de entrada 15 de novembro de 2022, solicitando a renuncia á subvención SUBDOT-2021/129.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder á petición formulada por don José Vilar Pardo (Castroverde), en representación da Asociación San Fitoiro, e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 15 de xullo de 2022, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/129, para a Dotación e mellora de servizos comunitarios, por importe de 6.000,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DE SELECCIÓN DAS PERSOAS USUARIAS DO PROGRAMA LUGOTERMAL E A SÚA PUBLICACIÓN NO BOP DE LUGO.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Pablo Rivera Capón en calidade de Delegado da Área de Promoción Económica e Social, e por ende, responsable do servizo de Benestar Social e Igualdade, expoño:

Considerando que a Deputación de Lugo ten como un dos seus obxectivos principais promover o benestar social dos seus cidadáns, en cumprimento do establecido no artigo 50 da Constitución Española, o cal sinala que os poderes públicos promoverán o benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer.

Considerando que dende o ano 2011 a Deputación de Lugo ven desenvolvendo programas de termalismo dirixidos as persoas maiores empadroadas en calquera concello da provincia de Lugo, en colaboración cos establecementos balnearios autorizados pola autoridade competente para utilizar as augas minero-medicinales declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, segundo o regulado no artigo 22 da Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, na provincia de Lugo.

Considerando que os orzamentos da Deputación Provincial de Lugo para o presente exercicio, recollen un incremento notable das dotacións orzamentarias dedicadas as políticas sociais e de promoción socioeconómica da provincia de Lugo, e por ende, dende o Benestar Social e Igualdade pretendese poñer en marcha diferentes proxectos, programas e actuacións , entre o que se atopa o programa de termalismo “LugoTermal”.

Considerando que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade





Autónoma de Galicia para a construción do sistema galego de benestar, entendendo por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se atopan: previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

Ase mesmo, a citada LSSG establece que as competencias das deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das seus competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.

Considerando que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 16.09.2022 aprobou, un ano mais, a programación dun programa preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal, potenciando o envellecemento activo a través do termalismo, denominado "LugoTermal". Este programa ten como obxectivo principal a mellora da calidade de vida das persoas participantes, cun carácter preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal a través dos tratamentos/técnicas termais, estando dirixido a persoas que teñan 55 anos o mais e que se topen empadroadas nalgún concello da provincia de Lugo, podendo levar consigo unha persoa en calidade de acompañante, que non cumpra os requisitos sinalados.

Considerando que para a posta en marcha do Programa "LugoTermal", foi necesario a contratación de servizos termais, tendo en conta a Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en concreto o seu artigo 28, necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación, no cal se sinala que os entes, organismos e entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais, sendo a prevención da dependencia e a promoción do envellecemento activo sen debida de interese xeral social para a provincia de Lugo.

Considerando que con data 18.11.2022 mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo adxudicouse os servizos de termalismo derivados da execución do programa denominado LugoTermal, mediante un procedemento de negociado sen publicidade, sendo adxudicatarios, previos trámites administrativos establecidos, o Balneario y Termas De Lugo, S.L., Balneario de Río Pambre, S.L. e Hotel Balneario Augas Santas, S.L. dos lotes 1, 2 e 3 respectivamente. Quedando do seguinte xeito a adxudicación:

7	ESTABLECEMENTO	PRAZAS CON ESTANCIA	IMPORTE SEN IVE 55,00€ /praza	IMPORTE CON IVE 10%	PRAZAS SEN ESTANCIA 0,00€ /praza	MELLORAS OFERTADAS sen custe
1	Balneario y Termas de Lugo, SL	75	7.537,50€	8.291,25 €	150	1) 5 técnicas mais na modalidade con estancia. 2) 10 técnicas mais na modalidade sen estancia. 3).- Facilitar albornoz de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia. 4).-10% de desconto nos servizos e prestacións complementarias en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal. 5).-20% de desconto nas estancias e prestacións en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal.
2	Balneario Río Pambre, SL	75	7.537,50€	8.291,25 €	75	1).-Facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia. 2).-10% de desconto nos servizos e prestacións complementarias en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal. 3).-10% de desconto nas estancias e prestacións en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal.
3	Hotel Balneario Augas Santas, SL	500	50.250,00 €	55.275,00 €	150	1).-Facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia.
		650	65.325,00€	71.857,50€	375	

Considerando o establecido no programa de LugoTermal en relación a necesidade de realizar unha selección das usuarias a través dunha convocatoria pública, estímase oportuno redactar para súa posterior aprobación, se procede, unhas bases que articulen o procedemento de acceso en concorrencia non competitiva, ao servizo de carácter temporal ofrecido pola Deputación de Lugo, tendo en conta a Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

As bases que se acompañan con esta proposta, foron informadas favorablemente por Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.



Tendo en conta todo o anteriormente exposto, propónse por parte deste Deputado da Área de Promoción Económica e Social á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordar, se procede:

1º.- Aprobado as bases de selección das persoas usuarias do programa “Lugothermal” e proceder a súa convocatoria.

2º.- Publicar as bases de selección das persoas usuarias do programa “Lugothermal” no BOP de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROGRAMACIÓN CULTURAL DE NADAL, ANINOVO E REIS, 2022- 2023.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Cultura, onde se dí, entre outras cousas que: “ (...) a Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia sinala no seu articulado (artigos 1, 2, 3, 8 e 9) que o seu obxecto é a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia de forma que sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostenible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións vindeiras; que o patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles, as manifestacións inmateriales que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropológico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo. De igual xeito, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorran algún dos valores sinalados.

Máis polo miúdo, no artigo 3.2.a, sinalase que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito

territorial, teñen as obrigas de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural, considerando no artigo 9.3 que a estes efectos tamén se consideran bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e, nalgúns casos os individuos reconozcan como parte integrante do seu patrimonio cultural, en particular:

A lingua, as tradicións e expresións orais, as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, as representacións, os xogos, os usos sociais, rituais, ceremonias e actos festivos, entre outros.

Con base en todo o sinalado, o servizo de Cultura da Deputación de Lugo pretende poñer en marcha unha programación cultural propia para as festas de Nadal, Aninovo e Reis co que se pretende revitalizar as industrias culturais achegándoas á sociedade como unha ferramenta de conservación das tradicións que serve para cubrir un oco nas programacións culturais de entidades e colectivos de toda a provincia, e co que se pretende fomentar as relacións sociais e dotar de contido de lecer aos mais cativos, a través da música, dos títeres, da visita do/a Apalpador/ra, do teatro de marionetas , entre outros.

A través dunha programación variada, orientada ao público familiar e infantil, e dentro do plan de programación propio do servizo de Cultura preténdese:

Promover a conservación, a promoción e a difusión da riqueza etnográfica vencellada ás festas do solsticio de inverno.

Incentivar o consumo cultural e fomentar o desenvolvemento económico das industrias culturais nunha época de crise ao impulsar a creación do emprego e ser un revulsivo das estruturas económicas.

Apoiar e dar visibilidade á tradición e ao recordo como mecanismo de cohesión social e de xeración de riqueza

Servir como instrumento para o fomento da sociedade do benestar e do lecer nunha provincia de forte atomización demográfica e de poboamento diseminado.

Remover os obstáculos que dificultan a chegada de programación cultural ao medio rural da provincia: democracia cultural.

Contribuir ao desenvolvemento económico, social e cultural preservando a tradición e promovendo a participación e a integración social e maila reactivación da actividade económica cultural.



Potenciar a dinamización cultural con base na raíz da tradición cultural e etnográfica do territorio

A programación de cultural de nadal, aninovo e reis, 2022- 2023 nace coma unha liña programática propia centrada no mundo das artes musicais e escénicas cuxa execución se materializará nos meses de decembro de 2022 e xaneiro de 2023, coincidindo coa celebración do Nadal, do Aninovo e da festividade de Reis e, tendo por obxecto a preservación das tradicións populares, a diversificación da axenda cultural para os máis cativos en época de lecer e a pegada da democratización cultural por todos os concellos da provincia e, tendo como base de referencia a fusión de ritos, cultos e simboloxía do país coincidindo co solsticio de inverno.

A historia do Nadal non pode illarse do solsticio de inverno. Esta referencia astronómica foi adoptada pola civilización romana, nun proceso de aculturación onde referencias cristiás e pagás se fundiron, permitindo a fusión de ritos e cultos de diferentes idolatrías. Por esa razón, o ritual vencellado coa Navidade ten o seu orixe histórico na celebración romana da Natalis Solis Invictis, festa do nacemento do sol invencible, na cal o astro gañaba a batalla ás tebras do inverno. Os cristiáns decidiron establecer o nacemento de Xesús nestas datas para facilitarlles aos romanos a conversión ao cristianismo sen ter que abandonar as súas festividade e fusionando os rituais, aínda que dándolles outro significado adaptado ás circunstancias, a través dunha superposición de cultos e ritos.

Esta programación cultural estará vertebrada por diversos contratos administrativos necesarios para a súa execución (contratación de grupos e colectivos culturais das artes escénicas e musicais, entre outros), cun orzamento total de 26.200 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.22609, non podendo superar o importe do contrato menor. En canto ao réxime dos contratos menores, estarase ao disposto polo marco normativo establecido nos artigos 29.8, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

A programación de cultural de Nadal, Aninovo e Reis, 2022- 2023 é unha iniciativa de carácter itinerante e integradora dentro do ámbito territorial da provincia, pensada para complementar as celebracións das festas do solsticio de inverno e para espallar a dinamización cultural con base na raíz etnográfica das tradicións festivas, xerando sinerxias para o desenvolvemento económico das industrias culturais; para conservar e promocionar as tradicións e, para fomentar o lecer, a integración e a sociedade do benestar social.

Na distribución das actuacións, o Servizo de Cultura prestará especial fincapé en achegar este tipo de celebracións festivo-culturais a todos os recunchos do territorio, con especial referencia

ao medio rural, intentando facilitar a preservación da tradición cultural galega, así como a democratización cultural.

As actuacións poderanse celebrar en todo o territorio da provincia de Lugo, buscando unha distribución o máis equilibrada posible en atención aos núcleos de poboación, a distribución da poboación e ás necesidades de implementar algunha actividade cultural no medio, con especial referencia ás actividades dos máis cativos.

Polo antedito, o servizo de Cultura aposta pola necesidade de innovar, incrementar a rentabilidade das industrias culturais, fomentar a protección e a conservación do patrimonio cultural e polo fomento da actividade social como mecanismo de integración e de benestar social para a nosa poboación, atendendo ás necesidades e demandas dos potenciais “clientes culturais” do noso territorio provincial.

Na localización da actividade poderase solicitar a colaboración de concellos, colexios, Ampas e axentes culturais ao obxecto de facilitar un escenario acaído, unha boa difusión e/ou un apoio material puntual, de ser preciso”.

Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver a Programación Cultural de Nadal, Aninovo e Reis, 2022- 2023.

Resultando que, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Por todo o dito, a Deputada delegada de Cultura propón- se procede- que pola Xunta de Goberno- se adopte o seguinte acordo:



Aprobar a Programación Cultural de Nadal, Aninovo e Reis, 2022- 2023, tendo en conta as características sinaladas, por un importe total de 26.200 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**19.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, PARA NON INTERPOSICIÓN RECURSO CASACIÓN NO PROCEDEMENTO: AP 4140/2022 E DESISTIMENTO DE INTERPOSICIÓN RECURSO CASACIÓN NO PROCEDEMENTO: AP 4077/2022.**

En relación ao presente asunto, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda deixalo sobre a mesa para aclaración de distintos aspectos do expediente.

**20.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

## **ASUNTO DE URXENCIA**

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, adoptouse o seguinte acordo:

**Modificación do convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Creación dunha senda ciclable segura para

a mocidade no Concello de Ribadeo” (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 6 de agosto de 2021).

O 9 de agosto de 2021 asinouse entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo o convenio interadministrativo de cooperación referenciado no encabezamento, que foi obxecto de modificación a través de addenda asinada polas partes o 10 de outubro de 2022, no relativo á ampliación dos prazos de execución e xustificación, que quedaron fixados nos días 2 e 15 de decembro de 2022, respectivamente.

O 23 de novembro de 2022, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade (RE nº: 2022RT015923) un novo escrito do representante legal do Concello de Ribadeo, no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, no que atinxe a:

O número 7 da letra B da cláusula terceira, relativo ao prazo de execución, para establecer unha nova data límite de realización das obras, que quedaría fixada no 15 de decembro de 2022.

O primeiro parágrafo da cláusula quinta, establecendo un novo prazo de xustificación con data 15 de decembro de 2022.

Examinada a solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, tendo en conta as disposicións legal, regulamentaria e convencionalmente establecidas, emitiuse informe do seguinte teor:

“(…).

Consideracións legais e técnicas.

I. O representante do Concello de Ribadeo xustifica a súa solicitude de modificación do convenio de referencia, atribuíndo a imposibilidade do cumprimento das obrigas nel asumidas ás inclemencias meteorolóxicas, que impiden realizar a fase final das obras (aglomerado e pintado).

Ao meu xuízo, a solicitude de modificación do convenio interadministrativo de colaboración, feita polo representante do Concello de Ribadeo, queda plenamente xustificada.





II. No que á modificación material do convenio respecta, consonte á letra g) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP):

Os convenios aos que se refire o apartado un do artigo anterior (os subscritos polas Administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades publicas con suxeitos de dereito público e privado) deberán incluír, polo menos, as seguintes materias:

(...).

g) O réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.

Pois ben, a cláusula sétima do convenio de referencia expresase ao respecto nos seguintes termos:

A modificación deste convenio, que se levará a cabo, de ser o caso, mediante addenda ao mesmo, poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio estea vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos, previsto no artigo 49, letra h) da LRXSP.

É evidente que, no caso que nos ocupa, concorre un interese común na modificación do convenio, pois o fin común pretendido coa súa sinatura non pode quedar diluído polas consecuencias derivadas das inclemencias meteorolóxicas, sobre todo cando alcanzar aquel é posible mediante as modificacións solicitadas.

Con todo, cómpre indicar que a solicitude de modificación da cláusula quinta non procede, pois a data de xustificación que figura nela xa é a do 15 de decembro de 2022, na nova redacción dada a aquela pola addenda asinada o 10 de outubro de 2022.

Por outra banda, as modificacións non alteran as condicións esenciais do documento inicial, pois, como quedou de manifesto, os fins pretendidos coa sinatura do convenio non se van ver alterados: coa modificación exposta só se pretende a ampliación do prazo de execución previsto naquel documento.

Por último, indicar que a cláusula sexta do convenio de referencia establece que:

(...).

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2023,

debedo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2022, respectando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da LRXSP.

A este respecto queda acreditada a vixencia do convenio esixida polo súa cláusula sexta para a modificación, así como o respecto ao límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, pois só se pretende, no que á modificación dos prazos de execución e xustificación se refire, a súa ampliación, e non o de vixencia do convenio, que se mantén nos termos da citada cláusula sexta.

Por todo o exposto, informo favorablemente a modificación da cláusula terceira do convenio de referencia, no relativo ao prazo de execución; modificación prevista na súa cláusula sétima, e que se levará a cabo a través da correspondente addenda.”

Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitíuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificación da cláusula terceira (Obrigas, compromisos e facultades das partes) do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Creación dunha senda ciclable segura para a mocidade no Concello de Ribadeo”, asinado polas partes o 9 de agosto de 2021 e modificado o 10 de outubro de 2022, nos termos da addenda que figura no expediente, manténdose inalteradas o resto das cláusulas daquel.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**21.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.